

Inventario de operacións e actividades estatísticas

DEFINICIÓNS

O Plan galego de estatística (PGE) 2017-2021, aprobado pola Lei 15/2016 do 28 de xullo, é o instrumento de ordenación, sistematización e planificación da función estatística para os fins da Comunidade Autónoma, ao amparo do artigo 27.6 do Estatuto de autonomía de Galicia e da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia.

Os obxectivos do PGE 2017-2021 clasifícanse en informativos, instrumentais e de calidade. Os primeiros comprenden as metas de información, a perspectiva de xénero e as liñas de actuación salientables.

Para cubrir as metas de información e ampliar a información dispoñible sobre Galicia programaranse anualmente operacións estatísticas (OE) e actividades estatísticas (AE). Para cubrir os outros obxectivos do plan poderanse programar actividades de interese estatístico (AIE), nelas especificaranse as liñas de actuación salientables, os obxectivos instrumentais ou os obxectivos de calidade que satisfán.

Obxectivos informativos

Comprenden os temas por abordar para responder ás metas de información, á perspectiva de xénero e ás liñas de actuación salientables. Para satisfacelos, os programas anuais incluirán OE ou AE.

Obxectivos instrumentais

Pretenden conseguir metodoloxías máis sólidas, procedementos estatísticos axeitados, diminución da carga de resposta e aumento na eficiencia. Para satisfacelos, os programas incluirán AIE.

Obxectivos de calidade

Fixan as características desexables das estatísticas. Para satisfacelos, os programas incluirán AIE.

Operación estatística

Execútase consonte un proxecto técnico e coa participación dunha administración pública galega nalguna fase a maiores da difusión. É de difusión obrigatoria e debe estar clasificada dentro das alíneas seguintes, ou ser unha combinación delas:

- a) Censo
- b) Enquisa por mostraxe
- c) Toma directa de datos
- d) Explotación estatística de sistemas de información, rexistros administrativos ou directorios
- e) De síntese: sistema de indicadores, números índices, contas económicas, proxeccións e métodos de estimación indirecta

Actividade estatística

Execútase sen proxecto técnico pero coa finalidade de difundir resultados que contribúan a ampliar a información estatística dispoñible sobre Galicia

Estado da operación

Característica que define o grao de desenvolvemento dunha operación estatística.

- En implantación: operación con proxecto técnico que se executa por primeira vez e que non está sometida a todos os requirimentos das operacións en curso. Este estado permite comprobar se o proxecto técnico é axeitado para conseguirmos os obxectivos previstos
- En curso: operación periódica ou irregular con proxecto técnico, que dá lugar a unha serie cronolóxica ou permite a comparanza temporal con outros períodos
- En cumprimento: operación que se executa no marco de convenios, acordos, decretos de transferencia ou calquera outro tipo de norma ou vínculo xurídico, de xeito que as súas características técnicas xa veñen reguladas por outra administración
- En reestruturación: operación en curso ou en cumprimento cuxo proxecto técnico sufriu cambios substanciais

Organismo responsable e fases que elabora

Neste campo recollerase o organismo responsable da operación ou actividade estatística no último programa estatístico anual e as fases nas que participa

Ámbitos de estudo

Alcance: poboación ou colectivo aos que se vai referir a información estatística; xa sexa o conxunto das unidades elementais observadas ou a poboación onde se producen os acontecementos a estudar na estatística

Periodicidade: periodicidade que teñen os resultados ofrecidos pola estatística. Unha OE ou AE pode ter varias periodicidades.

Procedencia dos datos

Orixe dos datos: este campo describe a orixe dos datos que despois dará lugar á información estatística elaborada, atendendo á súa natureza (estatística ou non) e ao seu estado de agregación ou estruturación. Pode tomar as seguintes categorías:

- Formularios, resumos e estados: a información individualizada das unidades (formularios) ou resumida (resumos e estados) recóllese por motivos administrativos ou sectoriais nun determinado período. Exclúense aqueles que serven para dar de alta, modificar ou dar de baixa unha unidade nun rexistro administrativo ou doutra índole xurídica.
- Rexistro administrativo: a información individualizada das unidades recóllese por motivos administrativos ou sectoriais e tende a permanecer nel (recóllese por primeira

vez cando se da de alta unha unidade e despois, mentres non se dea de baixa, actualízase se procede).

- Sistemas de información: a información de orixe procede de varios actos administrativos ou actuacións sectoriais, recollida en diferentes momentos (pola mesma ou diferentes unidades administrativas) e estruturada nun sistema, xeralmente informático.
- Cuestionarios: a información individualizada das unidades recollese só por motivos estatísticos.
- Microdatos: é información estatística individualizada que foi recollida para outra operación estatística, polo mesmo organismo ou outro organismo diferente, que ven organizada e estruturada.
- Medicións: información individual recollida por aparellos referida a fenómenos observables.
- Información elaborada: información estatística que ven resumida polo que non fai referencia a datos individuais
- Diferentes tipos de orixe: información estatística procedente de máis dunha orixe

Unidade estatística elemental: unidade estatística individual (ou unidades, no seu caso) á que se refiren os datos que se queren obter para co seu tratamento elaborar a estatística. Pode (algunha dela) coincidir coa unidade informante.

Outras unidades estatísticas: aquelas outras unidades que entran a formar parte no proceso de sobrevisión ou observación. Tamén se poden incluír as unidades de análise no caso das operacións de síntese.

Unidade informante: persoa ou entidade que subministra a información.

Forma de cobertura da solicitude de datos: é o xeito no que se recolle a información atendendo ás unidades implicadas. Pode ser:

- Autocobertura: cando a propia unidade informante recolle, grava ou comunica a información
- Entrevista: cando a unidade informante comunica a outra unidade “enquisadora” a información
- Observación directa: cando se trata dunha actividade na que se toman mostras biolóxicas ou doutra natureza, se realizan observacións de fenómenos ou episodios.
- Transcrición ou parte: no caso de que a unidade elemental de estudo sexa un fenómeno ou actuación e quen facilita a información é a entidade que a xestiona.
- Non procede: porque non haxa propiamente unha subministración de datos (recompilacións, síntese...)
- Formas diversas: no caso de que a orixe dos datos sexa múltiple e a cobertura diferente

Forma de recollida: soporte empregado na recollida da información individualizada que despois condicionará a fase de gravación e depuración.

- Cuestionario/formulario en papel, pdf ou similares: a recollida faise nun soporte que implica a posterior gravación completa da información.
- Cuestionario/formulario en soporte electrónico (web.): a recollida faise nun formato que permite o copiado polo que a recollida favorece a gravación posterior dos datos
- CATI, CAPI e similares: a recollida da información (e a gravación desta) faise por axentes asistidos por tecnoloxías o que facilita a aclaración de preguntas e validación das respostas en tempo real,
- Soportes asociados a medidores: cando o que se recolle son variables que quedan almacenadas no medidor cada certo tempo ou cando se produce o fenómeno por cuantificar
- Información facilitada pola fonte: a fonte proporciona os datos cun formato, desagregación ou características diferentes da publicada
- Captura/consulta de información publicada: recollida autónoma de información accesible ao público en xeral

Difusión dos resultados

Máximo nivel de difusión estándar: recolle o nivel xeográfico máis desagregado para o que se presentan resultados.

Forma principal de expresión dos resultados: refírese a forma máis relevante na que se expresan os resultados.

- Distribución: recontos de datos ou frecuencias
- Números índice
- Estatísticos derivados
- Contas ou estados contables

Forma principal de presentación de resultados: refírese a forma de presentación máis importante e específica na difusión estándar.

- Táboas de datos
- Táboas de datos multidimensionais, cando as táboas presentan múltiples variables e é posible seleccionar que variables e categorías destas por mostrar en cada táboa.
- Cartogramas ou SIX
- Gráficos que non sexan cartogramas ou SIX
- Listaxes ou texto

Soporte da difusión: é o soporte no que se fai a difusión estándar da operación estatística. Pode ser papel, na internet ou en soporte electrónico.

Abreviacións

AGE: Administración Xeral do Estado

CAG: Comunidade Autónoma de Galicia

Inega: Instituto Enerxético de Galicia

IOEAGE: Inventario de operacións¹ estatísticas da Administración Xeral do Estado

I+D+i: Investigación, desenvolvemento experimental e innovación

IPC: índice de prezos de consumo

LAS: liña de actuación salientable

PDA: personal digital assistant

Pdf: (portable document format) formato de almacenamento de documento desenvolvido por Adobe Systems)

RISGA: renda de integración social de Galicia

Sergas: Servizo Galego de Saúde

SIDA: síndrome de inmunodeficiencia adquirida

SUG: Sistema Universitario de Galicia

TIC: tecnoloxías da información e comunicación

URL Universal Resource Locator

¹ Os conceptos de operación non coinciden na CAG e na AGE.